

INFORME SOBRE EsIA DO PROXECTO DE INTERESE AUTONÓMICO PARQUE EÓLICO MARCOFÁN. (IN408A 2017/020). PROVINCIA DE OURENSE

Promotor: MARCOFÁN EÓLICA, S.L. NIF: B32495202

Situación: Concellos de O Irixo, Boborás e Beariz

C03. 02757

O día 03.02.2022 tivo entrada neste servizo solicitude do Servizo da Propiedade Forestal, a petición do Servizo de Enerxía e Minas en Ourense da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, do informe sobre o estudo de impacto ambiental "EsIA" para cumprir co trámite de consultas que se establece no artigo 37 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Tras revisar a documentación correspondente a que se refire este informe e que se achegaba á solicitude, comprobouse que a liña de referencia situada nos concellos de O Irixo, Boborás e Beariz afecta a 7 montes veciñais en man común.

Estudo do proxecto:

A implantación proposta para o parque eólico consiste en sete aeroxeradores do modelo V 162, con diámetro de rotor 162 metros e altura de buxe 119 metros fabricado por Vestas, de paso variable e potencia nominal 5,6 MW. A potencia total que se prevé instalar no parque será de 39,2 MW.

As afeccións do proxecto sobre os montes veciñais en man común indicados consisten na ocupación dos terreos pola instalación dos aeroxeradores, así como pola construción e adecuación de viais de acceso, plataformas de montaxe, cimentacións, gabias de cableado e áreas de ocupación temporal.

Os montes veciñais afectados polas obras contempladas no proxecto son:

Monte REGUEIRO dos veciños de O REGUEIRO DE ABAIXO, O REGUEIRO DE ARRIBA E AS ANTAS (Boborás), monte xestionado pola Xunta de Galicia, consorcio OR-2074-5, En este monte resulta afectada unha repoboación con castiñeiro enxertado para froito financiada con fondos FEADER con compromiso de mantemento vixente, expediente 11320026/2013, contén os aeroxeradores 1 e 2, parte da gabia de condución eléctrica e resulta afectada a rede viaria.

DE CERDEIRA dos veciños de CERDEIRA (O Irixo), monte xestionado pola comunidade propietaria, conta con proxecto de ordenación autorizado e inscrito no rexistro de





montes ordenados de Galicia. Contén parte da gabiá de condución eléctrica e resulta afectada a rede viaria.

AS SANTAS dos veciños de AS SANTAS (Beariz), monte xestionado pola Xunta de Galicia, convenio 3215538 na parte onde se atopan as obras, Contén parte da gabiá de condución eléctrica e resulta afectada a rede viaria.

FORAL DE VENTELAS dos veciños de AS VENTELAS (Beariz), monte xestionado pola comunidade propietaria, En este monte resulta afectada una repoboación con *Quercus rubra* financiada con fondos FEADER con compromiso de mantemento vixente expediente 12320095/2009, Contén parte da gabiá de condución eléctrica e resulta afectada a rede viaria.

CHANCELA dos veciños de MURADÁS (Beariz), xestionado parcialmente pola Xunta de Galicia mediante convenio 3215517. Conta con proxecto de ordenación autorizado e inscrito no rexistro de montes ordenados de Galicia. En este monte resulta afectada una repoboación con *Castanea sativa* financiada con fondos FEADER con compromiso de mantemento vixente, Expediente 12320045-2007. contén os aeroxeradores 3, 4 e 5 e área de afección do nº 6, ademais da SET co edificio de control e área de provisión, leva parte da gabiá de condución eléctrica e resulta afectada a rede viaria.

MARCOFÁN dos veciños de IGLESARIO (Beariz), xestionado parcialmente pola Xunta de Galicia mediante convenio 3215537, contén os aeroxeradores 6 e 7, parte da gabiá de condución eléctrica e resulta afectada a rede viaria.

Monte PENA MARELA, MARCOFÁN, COSTA DO MUIÑO E PIÑEIROS dos veciños de MAGROS (Beariz), xestionado parcialmente pola Xunta de Galicia mediante convenio 3215513. Conta con proxecto de ordenación presentado pendente de aprobación e inclusión no rexistro de montes ordenados de Galicia. contén área de afección do aeroxerador nº 7.

Os cambios de clasificación do solo e os cambios de uso implican a revisión dos proxectos de ordenación.

Aféctanse tamén propiedades particulares na liña de condución eléctrica e na rede viaria.

Unha parte importante deses terreos, sobre todo nos montes veciñais, teñen actualmente un uso preventivo/defensivo contra incendios forestais con devasas e camiños forestais de acceso que se verán limitados na súa funcionalidade forestal e moi condicionados nos labores de mantemento futuros, polo que se deberá en todo momento compatibilizar a execución do proxecto coa operatividade destas infraestruturas.





Estado forestal: Repoboación con *Pinus pinaster*, *Pinus sylvestris* e algúns rodais de *Castanea spp* ademais de híbridos enxertados e *Quercus robur*, mato baixo de xesteiras e toxeirás, infraestrutura preventiva e camiños forestais dentro dos montes veciñais.

Proposta de informe:

Respecto ás afeccións aos montes veciñais en man común, é necesario lembrar que se trata de terreos que forman parte de bens indivisibles, inalienables, imprescritibles e inembargables. De acordo co artigo 6 da Lei 13/1989, de montes veciñais en man común, no caso de que sexa necesario expropiar estes terreos sería preciso declarar previamente a prevalencia da utilidade pública ou interese social do novo equipamento público fronte ao interese do propio monte veciñal. A empresa promotora e a comunidade propietaria do monte veciñal poden asinar de común acordo un acto de disposición (cesión, ocupación ou dereito de superficie) que non obrigue á expropiación das superficies afectadas.

As superficies de afección virán determinadas polas áreas ocupadas directamente polos elementos de apoio, construcións complementarias e mais as superficies determinadas polas distancias de servidume establecidas na normativa que regula as obras de produción e transporte de enerxía eléctrica e ademais pola superficie necesaria para o cumprimento das distancias de plantación da Lei 7/2012, de montes de Galicia e máis da normativa de prevención de incendios relativa a redes de faixas de xestión de biomasa. Será necesario constituír as faixas de biomasa descritas na Lei 3/2007 ao redor das instalacións que transporten enerxía eléctrica de xeito aéreo de ser o caso. Estas superficies deberán ser tidas en conta aos efectos de obter a dispoñibilidade dos terreos

Os puntos de auga para carga de medios aéreos e terrestres así como a rede de pistas forestais deberán quedar completamente operativos ao remate das obras.

En Ourense na data da sinatura,

O xefe do servizo de montes

Antonio Gómez Pacios

(Asinado dixitalmente)

